



Confederación Intersindical Galega
BANCA, AFORRO, SEGUROS E OFICINAS

CONVENIO DA BANCA PRIVADA
Comunicado nº 8

A negociación en punto morto

Na reunión celebrada hoxe 18 de maio, os sindicatos demos contestación á Proposta de Convenio realizada pola AEB na pasada reunión.

Por parte da CIG rexeitamos a proposta da patronal bancaria en base ás seguintes cuestións:

- Un convenio con tan escaso contido social non será asinado polo noso sindicato e moito menos por catro anos.
- Hai reivindicacións na nosa Plataforma que consideramos de gran importancia e que non son tratadas na proposta da AEB.
- De ningún xeito podemos aceptar a pretendida eliminación do termo "vacantes" no artigo 30 do Convenio, pois suporía unha perda de garantías e un aumento na versatilidade do mesmo artigo, xa que elimina unha limitación importante á mobilidade xeográfica e abre a vía para traslados indiscriminados. Tampouco aceptamos que as empresas podan trasladar ao persoal ata os 30 quilómetros.
- Calquera acordo debe contemplar a libranza dos sábados.
- A súa oferta salarial representa unha nova perda de poder adquisitivo. Insistimos na necesidade de impulsar medidas que permitan aos traballadores e traballadoras participar da boa marcha das empresas.

Como contestación, a patronal retirou a proposta de ampliar a mobilidade ata os 30 quilómetros, pero mantén a proposta de eliminar o termo "vacantes".

AEB pide unha reflexión por ambas partes cara a vindeira reunión prevista para o día 7 de xuño.

En todo caso a reflexión por parte da CIG xa está feita: se queremos que a patronal se mova, teremos que movernos.



Galiza, 18 de maio de 2007